

MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS PARA ESCOLAS VERDES







XUNTA
DE GALICIA

galicia
o bo camiño

Edición:

Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Xunta de Galicia

Elaboración:

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

I. PROGRAMA ESCOLA VERDE	6
1.1 OBXECTIVO DO PROGRAMA ESCOLA VERDE	7
1.1.1 COMO É UNHA ESCOLA VERDE?	8
1.1.2 BENEFICIOS DE TRANSFORMARSE NUNHA ESCOLA VERDE	8
1.2 A COMUNIDADE ESCOLAR	9
1.2.1 O COMANDO VERDE	10
1.3 O CONTIDO DESTE MANUAL	11
2. PROXECTO ESCOLA VERDE	12
2.1 QUE É UN PROXECTO ESCOLA VERDE?	13
2.1.1 A COMUNIDADE ESCOLAR NOS PROXECTOS ESCOLA VERDE	14
2.1.2 O CURRÍCULO ESCOLAR	15
2.2 METODOLOXÍA	16
2.2.1 ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN	17
2.2.1.1 O COMANDO VERDE	17
2.2.1.2 PLAN DE TRABALLO	19
2.2.1.3 PRESENTACIÓN PLAN DE TRABALLO	25
2.2.2 SENSIBILIZACIÓN E MOTIVACIÓN	26
2.2.3 DIAGNÓSTICO	27
2.2.4 PLAN DE ACCIÓN	30
2.2.4.1 OBXECTIVOS	31
2.2.4.2 A PROPOSTA E SELECCIÓN DE ACCIÓNS	32
2.2.4.3 A EXECUCIÓN DO PLAN	35
2.2.5 AVALIACIÓN	36
2.2.5.1 AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN	36
2.2.5.2 AVALIACIÓN DO PROXECTO	37
2.2.6 COMUNICACIÓN	38
2.2.6.1 DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN DURANTE O PROXECTO	38
2.2.6.2 COMPARTIR OS LOGROS	39
2.2.6.3 MEMORIA ESCOLA VERDE	39
2.3 FICHAS DE TRABALLO	41
2.3.1 FICHA PLANIFICACIÓN DO PROXECTO ESCOLA VERDE	41
2.3.2 FICHA EXEMPLO DE ENQUIA SOBRE A PERCEPCIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO (FASE DIAGNÓSTICO) ...	42
2.3.3 FICHA EXEMPLO DE REXISTRO DE RESIDUOS (FASE DIAGNÓSTICO)	43
2.3.4 FICHA EXEMPLO DE DETECCIÓN DE PUNTOS CRÍTICOS (FASE DIAGNÓSTICO)	44
2.3.5 FICHA DE PLAN DE ACCIÓN	45
2.3.6 FICHA EXEMPLO AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN	46
2.3.7 ENQUIA EXEMPLO AVALIACIÓN DO PROXECTO ESCOLA VERDE	47
2.3.8 FICHE EXEMPLO DE PLAN DE COMUNICACIÓN DO COMANDO VERDE (FASE DE COMUNICACIÓN)	48

3. MANUAL BOAS PRÁCTICAS NA ESCOLA	49
3.1 A MISIÓN DO COMANDO VERDE NAS BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS	55
3.2 PERSOAL DOCENTE, DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN	55
3.2.1 MATERIAL ESCOLAR	55
3.2.2 A IMPRESIÓN DE DOCUMENTOS E O CONSUMO DE PAPEL	56
3.2.3 CONSUMO ENERXÉTICO	57
3.2.4 XESTIÓN DE RESIDUOS	57
3.3 ALUMNOS E ALUMNAS	58
3.3.1 NAS AULAS E PASILLOS	58
3.3.2 ASEOS	59
3.3.3 NO RECREO	59
3.3.4 NO COMEDOR	59
3.4 FAMILIAS	61
3.4.1 MATERIAL ESCOLAR	61
3.4.2 O CAMINO ESCOLAR	61
3.4.3 AYUDANDO A REDUCIR OS RESIDUOS NA ESCOLA	62
3.5 PERSOAL DE MANTEMENTO	62
3.5.1 PRODUTOS	62
3.5.2 EQUIPOS	63
3.5.3 INSTALACIÓN DE AUGA E ENERXÍA	63
3.5.4 XESTIÓN DE RESIDUOS	63
3.5.5 MANTEMENTO E COIDADADO DE XARDÍNS	67
3.6 PERSOAL DE LIMPEZA	67
3.6.1 PRODUTOS E RESIDUOS	67
3.6.2 USO DA AUGA	68
3.7 PERSOAL DE COMEDOR	68
3.7.1 PRODUTOS	68
3.7.2 USO DA AUGA	69
3.7.3 CONSUMO ENERXÉTICO	69
3.7.4 XESTIÓN DE RESIDUOS	70
3.8 EVENTOS ESPECIAIS	71
3.8.1 PRODUTOS	71
3.8.2 PAPEL E CARTÓN	71
3.8.3 CONSUMO ENERXÉTICO	71
3.8.4 XESTIÓN DE RESIDUOS	72
3.9 INSTALACIÓNS DE CENTRO	72
3.9.1 AUGA E ENERXÍA	72
4. MATERIAL DE CONSULTA PARA ESCOLAS VERDES	73

PROGRAMA ESCOLA VERDE



I. OBXECTIVO DO PROGRAMA ESCOLA VERDE

A educación está chamada a reforzar o seu papel central á hora de transformar a sociedade, xa que incide e afecta no conxunto da poboación e é por iso imprescindible para afrontar os retos e desafíos da sociedade actual e en particular, os problemas ambientais actuais como o Cambio Climático.

Nesta liña, cabe destacar a Axenda 2030 que establece os **17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable** fixados por Nacións Unidas, e os cales foron tidos en conta na elaboración deste manual.

Se se desexan alcanzar as metas e propósitos que a nova axenda dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) persegue, **a educación debe ocupar un rol central e prioritario**. A educación non só constitúe un dereito humano fundamental e un dos 17 obxectivos recolleitos especificamente por esta axenda (o ODS 4), senón que ademais presenta claros efectos multiplicadores para lograr avances noutros ámbitos do desenvolvemento, como a alcanzar cidades máis sustentables, ter un consumo responsable ou a protección da biodiversidade. Para transitar cara a novos modelos de desenvolvemento sustentable, **a educación resulta a ferramenta básica desde a que poder dotar ás persoas e sociedades das capacidades e aptitudes necesarias para iso**.

O programa Escola Verde é unha proposta da Xunta de Galicia para apoiar ás escolas de Galicia que queren mellorar, innovar, educar e organizar accións educativas coa finalidade de enfrontar, dende as primeiras etapas educativas, os valores da sustentabilidade.

II. OBXECTIVO DO PROGRAMA ESCOLA VERDE

O Programa Escola Verde está centrado en acadar cambios de comportamento e fomentar actitudes responsables co medio ambiente. Os obxectivos máis importantes a acadar con este programa son:

- A. Fomentar actitudes responsables co medio ambiente na comunidade escolar.
- B. Axudar aos centros a incorporar os valores da educación para a sostibilidade en todos os ámbitos da vida do centro e das familias.
- C. Promover a participación activa da comunidade escolar na mellora do seu medio.
- D. Favorecer o intercambio entre os centros que compartan uns mesmos obxectivos.

Pequenas accións conseguen grandes obxectivos

I.1.1 COMO É UNHA ESCOLA VERDE?

Unha Escola Verde é unha escola comprometida co medio ambiente, que integra a sustentabilidade nas súas accións cotiás e non só como un contido a impartir. En liñas xerais, unha Escola Verde baséanse en:

A implicación do claustro escolar como coñecedores e dinamizadores da nova actitude ambiental que imos mudar.

- A. A participación activa do alumnado como actor principal das Escolas Verdes.
- B. escoitar a toda a comunidade escolar e tela en conta para mellorar cada día.
- C. Centralizar o traballo no Comando Verde, que será o corazón impulsor.
- D. Promover o coñecemento e divulgación das boas prácticas ambientais en toda a comunidade escolar.
- E. Desenvolver proxectos educativos sobre temas relacionados coa sostibilidade.

I.1.2 BENEFICIOS DE TRANSFORMARSE NUNHA ESCOLA VERDE

- A. A Escola como unha organización de conciencia ecolóxica: O noso modelo de desenvolvemento debe incluír ás escolas como entes nos que a ciencia e a tecnoloxía se ensinan nun entorno de educación para a sostibilidade.
- B. Poténciase a transversalidade do medio ambiente dentro do currículo.
- C. A Escola como motor de cambio na súa contorna. As Escolas Verdes poden actuar como axentes de cambio axudando a interiorizar as relacións dos humanos coa natureza e a súa responsabilidade sobre ela. Neste escenario actuarán os docentes, os alumnos, as familias e o persoal non docente.
- D. A Escola Verde como un centro innovador que axuda a enfocar o sistema educativo cara una educación cada vez de máis calidade.
- E. Cambio profundo de actitudes, valores e comportamentos respecto da relación de cada un dos participantes da comunidade escolar co medio ambiente.

I.2 A COMUNIDADE ESCOLAR

A comunidade escolar que participa na Escola Verde non se limita aos alumnos e alumnas guiados polos mestres, senón que ten en conta a:

PERSOAL DOCENTE

O persoal docente será o responsable de implantar os contidos de temática ambiental que se vaian a desenvolver no centro. A súa labor nas Escolas Verdes é de dinamización e acompañamento dos alumnos e alumnas na posta en marcha das prácticas ambientais ou execución dos proxectos educativos garantizando a adquisición de aprendizaxes significativas.

PERSOAL DE MANTEMENTO, LIMPEZA E COMEDOR (XARDINERÍA, CLIMATIZACIÓN, LIMPEZA, COCIÑA...)

Toda a comunidade escolar, incluída a non docente, forma parte no desenvolvemento dunha Escola Verde, xa que as súas áreas de traballo son fundamentais para xerar as actitudes de cambio en toda a comunidade.

ALUMNOS E ALUMNAS

Os alumnos e alumnas son a parte central dun centro educativo. Co Programa Escola Verde traballaremos non só na pegada que deixamos na contorna física do centro senón na aportación máis tanxible duns valores ambientais ao noso alumnado.

FAMILIAS

Os alumnos e alumnas serán os encargados de levar ás familias os aprendizaxes neste proxecto, polo que as familias constitúen o último elo da cadea de actores na mellora de actitudes. Os nenos e nenas transmitirán nas súas casas o aprendido respecto á xestión de residuos, o consumo responsable da auga, ou calquera outro tema tratado na escola.

Procuraremos ademais que a participación das familias poida ser activa con propostas de participación real.

I.2.1 O COMANDO VERDE

O Comando Verde é o motor da transformación do centro nunha escola máis sustentable.

A **misión** do Comando Verde é a de coñecer as boas prácticas ambientais para escolas, difundilas e axudar e motivar para que se leven a cabo. Cada Centro é libre de crear un Comando Verde tan grande como considere. Non obstante, recomendamos que haxa representantes de cada un dos grupos da comunidade escolar e que a participación sexa voluntaria, xa que a motivación é fundamental para o éxito da Escola Verde.

No caso de que o centro decida non só levar a cabo as boas prácticas ambientais recomendadas neste manual, senón tamén deseñar e executar un proxecto educativo Escola Verde, o comando Verde será o equipo de traballo que lidera o proxecto, tomando decisións como o tema para traballar no curso escolar ou dando a coñecer os avances do mesmo a toda a comunidade escolar.



I.3 O CONTIDO DESTA MANUAL

O Programa Escola Verde divídese en dous bloques, de xeito que as escolas poidan escoller que camiño seguir para chegar a ser unha Escola Verde.

PROXECTO ESCOLA VERDE

Este bloque diríxese a aquelas escolas que traballen habitualmente por proxectos e que desexen ir un paso máis alá da inclusión das boas prácticas ambientais.

O bloque propón unha metodoloxía para que os centros elaboren o seu propio proxecto Escola Verde, acompañando en cada un dos pasos e ofrecendo exemplos e recomendacións para cada etapa. A peculiaridade que posúe o proxecto Escola Verde, é que cada centro escolle un tema (xeral ou concreto) relacionado co medio ambiente. Por exemplo, reducir a pegada de carbono do centro educativo ou transformar o recreo nun espazo libre de plásticos.

A participación activa do alumnado en cada unha das fases é unha peza fundamental no desenvolvemento dos proxectos. Son eles os que realizan a maior parte das tarefas, sempre baixo a dinamización dun docente.

BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS NAS ESCOLAS

Este bloque inclúe un listado de boas prácticas ambientais para cada sector da escola.

As medidas que propoñemos neste manual son moi diversas e pretenden integrar a sustentabilidade no día a día da escola, dende fomentar que os alumnos separen correctamente todos os residuos ou sexan responsables de apagar a luz nas aulas valeiras, ata eliminar o emprego de plásticos no recreo. Estas prácticas débense entender como unha base a partir da cal os centros educativos poden seguir evolucionando no seu camiño cara á sustentabilidade. Cada ano, as escolas descubren e implantan medidas ambientais innovadoras converténdose en exemplo de sustentabilidade para outros centros.

Por último, atoparedes material de consulta diverso tanto para a implantación de boas prácticas ambientais como para a posta en marcha dun proxecto educativo Escola Verde.

2

PROXECTO ESCOLA VERDE



2 PROXECTO ESCOLA VERDE

Este bloque aporta unha metodoloxía ou filosofía de traballo para implantar proxectos de sustentabilidade en centros escolares, coa liberdade de que cada escola adapte a metodoloxía as súas necesidades. Ao longo de todo o bloque veredes exemplos nos que podeades adaptar as características específicas do voso centro.

O proxecto Escola Verde que aquí vos presentamos é flexible, de modo que podeades aplicalo a ún único curso e centralo en dúas semanas ou pódese incluír ao conxunto do centro. Deste xeito cada aula realiza unha pequena tarefa sendo máis sinxelo contar coa participación de todos os docentes porque cada un deles dedicará moi pouco tempo. Entenderes isto mellor cando vexamos un exemplo de plan de traballo.

2.1 QUE É UN PROXECTO ESCOLA VERDE?

O proxecto educativo Escola Verde inclúe todos os elementos propios de calquera proxecto:

UN TEMA CONCRETO COMO FÍO CONDUCTOR

Debe ser claro, ter unha resposta aberta e conectar coas competencias e coñecementos que os alumnos e alumnas deben traballar e adquirir. Este elemento é básico e debe estar presente sempre.

DAR AUTONOMÍA AOS ESTUDANTES

Durante o proxecto, o alumnado é o protagonista e deberán opinar, elixir e tomar as decisións.

INCLUIR O DESENVOLVEMENTO DE VALORES E COMPETENCIAS

Habilidades como a colaboración, a comunicación, o pensamento crítico e uso das novas tecnoloxías, a iniciativa persoal, deben ensinarse explicitamente (dando guías, consellos, materiais). É importante ofrecer oportunidades para que os alumnos e alumnas as desenvolvan estas competencias a través das tarefas e accións propostas no proxecto.

INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

A investigación real ten lugar cando os alumnos e alumnas expoñen as súas propias preguntas, buscan recursos e responden a esas preguntas, xeran dúbidas, avalían a información e establecen conclusións. Trátase en definitiva de promover unha actitude crítica.

REVISIÓN E RETROALIMENTACIÓN

É necesario ensinar aos alumnos e alumnas a avaliar o traballo propio e doutros compañeiros tomando como referencia as rúbricas ou fichas de avaliación.

COMUNICACIÓN DO TRABALLO

O ideal é presentalo non só aos profesores e compañeiros senón traballar coa idea dun proxecto que se vai presentar a toda a comunidade escolar e que vai ser posto a disposición de todos. Podemos considerar diferentes formatos e recursos para poñer os produtos xerados a disposición de todos. Todo dependerá das características dos grupos cos que traballemos.

2.1.1 A COMUNIDADE ESCOLAR NOS PROXECTOS ESCOLA VERDE

- A. Os **alumnos e alumnas** son os máis importantes participantes do proxecto, posto que as ensinanzas téñenos a eles e a elas como principais destinatarios e porque serán os encargados de realizar o plan de accións, como veremos.
- B. O **persoal docente** que participe de forma activa no proxecto será o encargado de transmitir e coordinar as accións que se vaian levar a cabo e de actuar coma dinamizador.
- C. O **persoal non docente** pode ter tamén unha participación activa. Nos centros educativos contamos con persoal de conserxería, xardinería, mantemento, comedor, etc. Hai importantes reflexións que facer en referencia ao uso máis respectuoso dos recursos e a xestión dos residuos, sobre todo. Contaremos con eles para facer conciencia de grupo e implantar as melloras.
- D. As **familias** son as beneficiarias secundarias deste proxecto, xa que será o alumnado o que leve para casa o aprendido na escola, e porque co apoio das familias ao proxecto podemos acadar maiores resultados.
- E. As **instalacións do centro** serán partícipes tamén do proxecto por ser o espazo de convivencia onde podemos deixar constancia da nosa muda de actitudes.

2.1.2 O CURRÍCULO ESCOLAR

Integrar a área de traballo ambiental no PEC, é imprescindible para que todos os esforzos acaden bos resultados. Tamén debería contemplarse dentro da PXA, Programación Xeral Anual para que as accións levadas a cabo queden ben artelladas na dinámica escolar.

Aquí tedes un exemplo xeral das competencias por áreas que podedes tomar de referencia e adaptar ao voso currículo.

COMPETENCIAS BÁSICAS	HABILIDADES DO PROXECTO ESCOLA VERDE	FASES
Conciencia e expresións culturais	Desenvolver técnicas dinámicas de aprendizaxe dirixido	Sensibilización
Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía	Aprender a recompilar datos, interpretalos e darlles formato visual Aprender a relacionarse co entorno e diagnósticalo	Diagnóstico
Sentido da iniciativa e espírito emprendedor	Desenvolver teorías creativas a partir de datos Desenvolvemento do traballo en equipo e relacións de convivencia	Plan de acción
Aprender a aprender	Desenvolver cambios de comportamento para o coidado do medio ambiente	Execución do Plan de Acción
Competencias sociais e cívicas		
Competencia lingüística	Desenvolver habilidades de avaliar o traballo propio e de outras persoas	Avaliación
Competencia dixital	Utilizar o arte e as ferramentas de difusión para comunicar Aproveitar as novas tecnoloxías para facilitar a comprensión e a difusión	Comunicación

2.2 METODOLOXÍA

Propoñemos unhas fases xerais que podedes adaptar ao voso centro en canto á duración ou ferramentas empregadas en cada unha delas.



FASE I: ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN

Nesta primeira fase temos que sentar as bases da que será a organización xeral do proxecto. Para iso, veremos os seguintes puntos:

COMANDO VERDE

PLAN DE TRABAJO

PRESENTACIÓN
PLAN DE TRABAJO

2.2.1.1 O COMANDO VERDE

Para desenvolver o proxecto no centro, é recomendable establecer un equipo de traballo que guíe este proceso e a toma de decisións. O xeito máis apropiado de facelo é a través do Comando Verde.

Unha das opcións máis completas é un equipo que estea formado polo director ou directora do centro (ou a persoa que designe), unha persoa da comunidade non docente, un representante do alumnado e un representante das familias.

Sodes libres de artellar este equipo de traballo do xeito que sexa máis funcional no voso centro, tanto en persoas responsables do proxecto como en número. Outro xeito de enfocalo é conformar o Comando Verde soamente con alumnos e alumnas e algún mestre ou mestra que participe activamente no proxecto, pero recomendamos implicar dalgún xeito na organización a un representante dos grupos participantes.

A MISIÓN DO COMANDO VERDE NO PROXECTO

As principais funcións do Comando Verde serán:

- A. Liderar o proxecto.
- B. Establecer a organización máis efectiva para o centro e os participantes.
- C. Propoñer a temática de traballo.
- D. Listar os resultados esperados no centro co proxecto.
- E. A planificación do proxecto co cronograma de implantación.
- F. Dar a coñecer o plan de traballo á comunidade escolar.
- G. Establecer as bases da fase de diagnóstico que liderarán.
- H. Consensuar e aprobar o plan de acción.
- I. Avaliar o plan segundo os indicadores previstos nos obxectivos.
- J. Seleccionar que tarefas de comunicación se realizarán.
- K. Redacción da Memoria Escola Verde.

Este Comando Verde terá tamén o papel de difusor da filosofía do proxecto e terá que conformar un sistema de comunicación co claustro escolar e cos titores de cada curso, de xeito que toda a comunidade escolar sexa correctamente informada sobre o que suporá ser unha Escola Verde e o seu papel neste proceso de cambio.

Podedes plantexarvos propostas sinxelas como falar cos titores persoalmente ou a través dunha circular, e outras máis elaboradas coma facer un blog, unha pequena revista interna, etc. A elección dependerá dos recursos dispoñibles no centro e do nivel de participación da comunidade.

Por outra banda, este Comando Verde deberá ter reunións programadas e secuenciais para facer un correcto seguimento desta metodoloxía e velar pola boa marcha do proxecto.

2.2.1.2 PLAN DE TRABAJO

Pódese dicir que o plan de traballo é a planificación xeral do proxecto educativo que se levará a cabo e inclúe a seguinte información:



TEMA A TRABALLAR

Neste punto o Comando Verde escolle o tema de traballo relacionado coa sustentabilidade. Cada centro é libre de decidir que proxecto crear, tendo en conta as características do centro, a sensibilidade da comunidade con cada área, as necesidades máis importantes de cada centro en materia ambiental, etc.

A razón para que sexa o Comando Verde o que elixa o tema a traballar é porque en todo proxecto educativo, a motivación e desexo de aprender é fundamental. Ademais, permitir que o principal equipo de traballo escolla o tema a traballar, asegura motivación e implicación no proxecto desde a orixe.

En materia de sustentabilidade hai moitas grandes áreas de traballo, aportamos aquí algunhas ideas:

Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible

A Organización das Nacións Unidas traballa na consecución dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que para o proxecto que nos ocupa constitúen un excelente

OS OBIECTIVOS DE DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

A Organización das Nacións Unidas traballa na consecución dos 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible que para o proxecto que nos ocupa constitúen un excelente punto de partida e reflexión á hora de seleccionar o tema no que a nosa escola vai traballar.

Podedes escoller un dos 17 ODS, combinar varios ou, porque non, ser máis ambiciosos e crear un proxecto educativo cuxo obxectivo sexa a divulgación dos 17 ODS na comunidade escolar.



As temáticas que podemos abordar dende un proxecto de Escola Verde, como vedes, son amplas e globais, sempre encadradas no marco do medio ambiente (ter en conta que non todos os ODS tratan temas ambientais, se ben a metodoloxía que vos propoñemos é válida para tratar calquera tema no centro).

Outras ideas máis específicas para escoller o tema para o proxecto

- A. Os hábitos na escola co plástico dun so uso.
- B. A orixe dos libros: as árbores.
- C. O monstro dos océanos: o plástico.
- D. Reducindo a pegada no cambio climático.

PARTICIPANTES

Calquera proxecto de Escola Verde implica a toda a comunidade escolar, como xa vimos. Non obstante, nesta fase da metodoloxía é o momento de concretar os participantes en cada fase do proxecto. Logo deste punto teredes feito o voso calendario de traballo, a elección dos mestres ou mestras que participarán de xeito activo no proceso, a implicación do tema de traballo en todas as materias, os cursos concretos que participarán, etc.

Neste punto decidiredes que cursos son os máis axeitados para cada fase. Haberá algunhas máis proclives a ser traballadas por alumnado de 6º de primaria e outras que podedes traballar cos máis pequenos. Aínda que calquera Escola Verde traballa a sensibilización de toda a comunidade e haberá actividades que impliquen dalgún xeito a todo o centro, sen dúbida haberá cursos ou ciclos nos que afondar nas fases deseñadas.

Por exemplo, o diagnóstico pode ser realizado polos máis cativos, xa que é unha boa oportunidade para reflexionar sobre o entorno e cuestionar o tema elixido, mentres que as conclusións do diagnóstico a partir dos datos recollidos, poden ser definidas polos cursos máis maiores. Tamén pode decidirse que todas as fases do proxecto sexan executadas por un curso concreto, anque iso non quita que a concienciación e divulgación (fase 2) afecte a todo o centro.

RESULTADOS ESPERADOS

Os resultados que esperamos obter co noso tema de traballo van máis alá dos obxectivos concretos que teredes que fixar cando elaboredes o Plan de Acción cos alumnos e alumnas. O tema de traballo para o proxecto de seguro será unha temática transversal que implica a todo o centro e podedes aproveitar para traballar outros aspectos, coma a educación en valores.



Ademais, os obxectivos específicos de medio ambiente que podemos traballar nunha Escola Verde, relacionados cos contidos do currículo, tamén se atopan en consonancia coas competencias clave a desenvolver en educación primaria. Por outra banda, é importante afrontar estes contidos e valores dende un punto de vista interdisciplinar.

Por exemplo, se o noso proxecto está relacionado co impacto dos plásticos nos océanos e nos atopamos na fase de diagnóstico, ao recoller a información, sintetizala e analizala trabállase a competencia Dixital (empregando fontes na rede), a competencia de Aprender a Aprender pois estamos a empregar habilidades procedimentais. Por outra banda, os contidos deste tema están relacionados co currículo de Ciencias Sociais (porque rematan eses plásticos nos océanos?) pero tamén do Coñecemento do Medio (cal é o impacto destes residuos no medio?). Ademais diferentes valores atópanse directamente tratados neste tema, coma a educación para a saúde, a educación ambiental, etc.

CALENDARIO

O calendario que propoñemos corresponde a un curso escolar pero cada centro deberá adaptalo a súa realidade. Podedes aproveitar o calendario para incluír os participantes escollidos para cada fase.

Mostrámosvos dous exemplos:

CURSO 2018 / 2019													
PROXECTO ESCOLA VERDE TEMA ESCOLLIDO: OS PLÁSTICOS E OS OCÉANOS		GRUPOS IMPLICADOS	PROFESOR	PRIMEIRO TRIMESTRE				SEGUNDO TRIMESTRE			TERCEIRO TRIMESTRE		
				09	10	11	12	01	02	03	04	05	06
ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN	ORGANIZACIÓN	COMANDO VERDE											
	CONSTITUCIÓN DO COMANDO VERDE												
	ELECCIÓN DO TEMA DO PROXECTO												
	DESEÑO DO CALENDARIO DO PROXECTO												
	PRESENTACIÓN DO PROXECTO Á COMUNIDADE												
SENSIBILIZACIÓN	CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN	6º A E 6ºB	ANA E XOEL										
DIAGNÓSTICO	DESEÑO DE FERRAMENTAS DE DIAGNÓSTICO	COMANDO VERDE											
	DIAGNOSE	1º, 2ºY 3º	OS TITORES										
	CONCLUSIÓNS	3º A E 3º B	FÉLIX										
PLAN DE ACCIÓN	OBXECTIVOS	4º E 5º	OS TITORES										
	DESEÑO DE PLANS DE ACCIÓN	4º E 5º	OS TITORES										
	EXECUCIÓN DE PLANS DE ACCIÓN	TODO O CENTRO											
AVALIACIÓN	AVALIACIÓN DO PROXECTO	COMANDO VERDE											
	AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN	COMANDO VERDE											
COMUNICACIÓN	DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN	6º A E 6ºB	ANA E XOEL										
	COMPARTIR OS LOGROS	COMANDO VERDE											
	MEMORIA ESCOLA VERDE	COMANDO VERDE											

Exemplo de plan de traballo que dura todo o ano peronoque cada curso só participa nunha fase, oque supón menor carga de traballo para cada mestre. Tamén se delegan varias tarefasao Comando Verde.

CURSO: 6ª 2018-2019											
FASES PROXECTO ESCOLA VERDE TEMA ESCOLLIDO: OS PLÁSTICOS E OS OCÉANOS		MATERIA	PRIMEIRO TRIMESTRE				SEGUNDO TRIMESTRE			TERCEIRO TRIMESTRE	
			09	10	11	12	01	02	03	04	05
ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN	ORGANIZACIÓN	TITOR									
	CONSTITUCIÓN DO COMANDO VERDE	TITOR + VOLUNTARIOS									
	ELECCIÓN DO TEMA DO PROXECTO	CIENCIAS DA NATUREZA									
	DESEÑO DO CALENDARIO DO PROXECTO	COMANDO VERDE									
	PRESENTACIÓN DO PROXECTO Á COMUNIDADE	EDUCACIÓN ARTÍSTICA									
SENSIBILIZACIÓN	CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN	CIENCIAS DA NATUREZA									
DIAGNÓSTICO	DESEÑO DE FERRAMENTAS DE DIAGNÓSTICO	CIENCIAS SOCIAIS									
	DIAGNOSE	CIENCIAS SOCIAIS									
	CONCLUSIÓNS	CIENCIAS SOCIAIS									
PLAN DE ACCIÓN	OBXECTIVOS	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS									
	DESEÑO DE PLANS DE ACCIÓN										
	EXECUCIÓN DE PLANS DE ACCIÓN										
AVALIACIÓN	AVALIACIÓN DO PROXECTO	CIENCIAS SOCIAIS									
	AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN	CIENCIAS SOCIAIS									
COMUNICACIÓN	DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN	LINGUA									
	COMPARTIR OS LOGROS	EDUCACIÓN ARTÍSTICA									
	MEMORIA ESCOLA VERDE	LINGUA									

Exemplo de plan de traballo para só un curso, leva máis tempo para ese grupo pero pódese concentrar no tempo e permite que o alumnado trate en profundidade o tema e desenvolva todas as tarefas. Neste caso é moi importante que o docente teña unha gran implicación.

2.2.1.3 PRESENTACIÓN PLAN DE TRABAJO

Unha vez que temos sentadas as bases do noso proxecto compre comunicar a posta en marcha dun proxecto da temática escollida de cara a facer do centro unha Escola Verde. De xeito sinxelo, debeses relatar o por qué do tema de traballo, as fases que ides desenvolver, canto tempo traballaremos nel, etc.

Non se trata de facer unha longa explicación con todos os detalles pero si é importante contar a boa nova á comunidade escolar, incluíndo ó corpo docente, non docente e, por suposto, as familias.

Vós mesmos decidiredes o formato e a canle de comunicación. Podedes usar a vosa web, un blog se tedes, circular para as familias, etc.

FASE 2: SENSIBILIZACIÓN E MOTIVACIÓN

O programa Escola Verde, como vedes, baséase na mellora continua e na capacidade dos centros educativos para ser quen de converterse en participantes activos e responsables da pegada que deixan na súa contorna. Así, esta metodoloxía que propoñemos baséase en tres puntos principais: sensibilizar a comunidade escolar en temas medioambientais, obxectivar o tema principal co que imos traballar no noso propio proxecto escolar e dinamizar a todos os participantes na vida cotiá do centro.

Lembrede que o obxectivo é sensibilizar á comunidade nese tema concreto que imos traballar e presentalo do mellor xeito posible para que sexa motivante afondar nel.

Deixámosvos algunhas ideas que serven de punto de partida

- A. *Traer ao centro un experto ou experta no tema.*
- B. *Programar seminarios de formación do tema elixido. Tede en conta que moitas veces temos unha idea difusa sobre a problemática da xestión dos residuos, do consumo da auga, etc. O ideal é expor sesións de formación sinxelas e dinámicas para achegar o tema dun xeito motivador e novidoso.*
- C. *Instalar carteis, murais ou traballos dos alumnos sobre o tema.*
- D. *Promover charlas dun curso ao resto dos cursos.*
- E. *Facer unha enquisa sobre o tema e comunicar os resultados.*
- F. *Facer concursos tipo “Canto sabes ti sobre...”, concurso de preguntas, un xogo da oca temático, etc.*

FASE 3: DIAGNÓSTICO

O primeiro que temos que facer é unha avaliación inicial do noso centro e dos nosos comportamentos na área de traballo que vimos de escoller. É imprescindible que a comunidade escolar sexa consciente das áreas de mellora tras unha reflexión sobre as actitudes e accións cotiás.

O máis importante desta fase é a participación dos alumnos e alumnas, e posto que estamos traballando con infantil e primaria, ás veces as ferramentas acadarán datos para un diagnóstico cualitativo. Deste xeito, tan importante coma o propio diagnóstico é que o alumnado saiba desenvolverse no centro, mire ao seu redor, aprenda a analizar e a cuestionar a realidade que o rodea. Nesta fase imos ver:

DIAGNÓSTICO

FERRAMENTAS DE DIAGNÓSTICO

CONCLUSIÓNS

FERRAMENTAS DE DIAGNÓSTICO

Segundo o tema seleccionado, vós mesmos teredes que deseñar o xeito máis apropiado para facer un diagnóstico real na situación. Tendo en conta os participantes no proxecto tamén buscaremos as ferramentas adaptadas a eles. Haberá cursos máis propios para facer enquisas, outros para xogos de observación, outros para debates, etc.

Algunhas das ferramentas máis útiles para deixar constancia deste punto de saída do voso percorrido adoitan ser:

ENQUISAS

Poderedes elaborar pequenos cuestionarios con preguntas a responder por toda a comunidade implicada no proxecto ou ben por aqueles que consideredes participantes cuxas actitudes imos logo avaliar.

Por exemplo, en materia de reciclaxe, é doado preguntar polas condutas nas diferentes instalacións do colexio: as aulas, os corredores, o patio, o comedor... Valorade a posibilidade de utilizar as novas tecnoloxías para facer as enquisas. Con medios dixitais podemos ensinar as ferramentas electrónicas aos alumnos e alumnas, non facer un consumo innecesario de papel e ser máis rápidos á hora de rexistrar os resultados.

DETECCIÓN VISUAL DE ERROS

Segundo o voso tema, podedes facer sesións de diagnose acordades con dinámicas grupais.

Por exemplo, tratándose de xestión de residuos sería interesante saír cos alumnos e alumnas da aula a facer un percorrido por diferentes zonas do colexio, así coma en diferentes horas ou días segundo a vosa dinámica escolar. Deste xeito, trataríanse de detectar os principais puntos de incumprimento dunha boa xestión de residuos. Para os alumnos e alumnas podemos traballar este aspecto buscando pola escola os “vertedoiros inimigos” e facer unha listaxe ou marcar nun plano os lugares onde se botan plásticos, papeis e outros residuos sen conciencia do dano que isto supón para o medio ambiente e do que entorpece as tarefas de limpeza. Tede en conta que despois teredes que avaliar que eses “vertedoiros inimigos” terán que mudar en “caixóns amigos”, por exemplo, que serán os lugares seleccionados para botar os envoltorios dos bocatas na hora do recreo. Outro xeito de facer o traballo é a través de fichas de rexistro, coma no exemplo que vedes aquí. Máis adiante podedes atopar esta mesma ficha en branco para adaptala ao voso proxecto coa dinámica máis axeitada para vós.

PROXECTO ESCOLA VERDE TEMA ESCOLLIDO: OS RESIDUOS NO PATIO						
FASE: DIAGNÓSTICO	DATA 15 /04/2019	GRUPO DE TRABAJO AULA DE 3ªA			PERSONA RESPONSABLE PROF. ANA GARCÍA	
FICHA DE REXISTRO: RESIDUOS NO PATIO						
QUE QUEREMOS ANALIZAR?	COMO?	RECOLLIDA DE DATOS				
VER QUE RESIDUOS SE TIRAN NO CHAN	OS ALUMNOS RECORRERÁN O CENTRO BUSCANDO RESIDUOS NO CHAN E CLASIFICÁNDOOS	ZONAS DE APARICIÓN / TIPOS DE RESIDUOS	FOLLAS	ENVOLTORIOS DAS MERENDAS	PAPEL	BOLIÑAS E RESTOS DE ALUMINIOS
		PERÍMETRO DO XARDÍN	X			
		APARCADOIRO	X		X	
		ENTRADA PRINCIPAL DO COLEXIO	X	X	X	X
		CAMPO DE FÚTBOL	X			
		PATIO		X		X
TEMOS SUFICIENTES PAPELEIRAS? SEPARAMOS BEN OS RESIDUOS?	OS ALUMNOS RECORRERÁN O CENTRO CUANTIFICANDO OS CONTEDORES DE CADA TIPO E REVISANDO A SÚA SEPARACIÓN ADECUADA	CONTEADOR DE:	LOCALIZACIÓN		ESTÁ CHEO?	ATÓPANSE OUTROS RESIDUOS?
		PAPEL	CLASE		X	NON
			PORTA PRINCIPAL			RESTO DE BOCATAS
			XIMNASIO			NON
		ENVASES DE PLÁSTICO, LATAS E BRICK	PATIO CERCA DA FONTE			NON
			A SAÍDA DO COMEDOR			RESTOS DE PAN
			PORTA PRINCIPAL		X	NON
		RESTO	PATIO			BOLIÑAS DE ALUMINIO
SERVIZOS			X	PLÁSTICOS		

CONCLUSIÓNS

Unha vez recollidos e analizados os datos debemos sacar conclusións dos mesmos, lembrando que o máis importante é que o alumnado desenvolva actitudes críticas co que está descubrindo e se deteña a pensar, xa neste momento, que comportamentos sería bo modificar. É dicir, son os alumnos e alumnas os que deben sacar as conclusións e estas deben responder ás seguintes cuestións:

- A. *Como nos comportamos no centro respecto ao tema escollido?*
- C. *Que hábitos temos que non son bos respecto ao tema escollido? Por que?*

En definitiva, as conclusións deben deixar clara a situación actual do centro.

Tentaremos concluír se as papeleiras son suficientes, se todos os rapaces e rapazas son conscientes do gasto de material, etc. Así, xa teredes capacidade para detectar os obxectivos que ides traballar.

Unha vez descritas as conclusións, podemos presentalas ao resto da comunidade escolar en diferentes formatos visuais.

Por exemplo: pódense elaborar táboas e traballar de xeito transversal como funciona unha sinxela folla de cálculo para os alumnos e alumnas de 6º, ou é posible confeccionar un mapa das papeleiras do patio mediante un mural por nenos e nenas de 3º.

FASE 4: PLAN DE ACCIÓN

O plan de acción é a verdadeira alma do proxecto, o momento de expor os obxectivos e como imos facer para acadalos. Neste momento poderemos escoller tamén as dinámicas e actividades concretas que imos pór en práctica, con que cursos, con que medios, etc.

Así, nesta fase imos detallar:

PLAN DE ACCIÓN

OS OBXECTIVOS

A PROPOSTA E
SELECCIÓN DE ACCIÓNS

PLANIFICACIÓN DE
ACCIÓNS ESCOLLIDAS

A EXECUCIÓN DO PLAN

2.2.4.I OS OBXECTIVOS

Agora que temos un panorama claro sobre o punto no que nos atopamos imos facer unha listaxe de obxectivos a alcanzar. Estes obxectivos, en primeiro lugar teñen que partir das conclusións do diagnóstico, e en segundo lugar irán enfocados a cambios de comportamento.

Por exemplo, se no diagnóstico decatámonos de que tiramos lixo ao chan, os obxectivos terán que ir enfocados á muda do comportamento no patio. Se cadra podemos valorar a necesidade de ter máis papeleiras ou a colocación noutros puntos, pero o máis importante será como imos cambiar o noso comportamento.

Para marcar os obxectivos definitivos dun xeito eficaz, imos facelo tomando en consideración estes consellos sobre obxectivos **SMART**:

S	SPECIFIC (ESPECÍFICOS)	QUE?
M	MEASURABLE (MEDIBLE)	CANTO?
A	ACHIEVABLE (ALCANZABLES)	COMO?
R	REALISTIC (REALISTAS)	CON QUE?
T	TIME (TEMPO)	CANDO?

Os obxectivos que nos marquemos serán:

- A. **Específicos.** Temos que describir exactamente o que queremos obter.
Por exemplo: pasar dun 20% de nenos e nenas que traen pano de tea da casa para ao comedor a un 40%.
- B. **Medibles.** Sexan obxectivos que partan de datos cuantitativos ou cualitativos, temos que ter un punto de partida para a mellora.
Por exemplo: se as enquisas indican que temos un 20% de coñecemento dos contedores de residuos por cores, pasar a un 60%.
- C. **Alcanzables.** Para acadar os obxectivos temos que facilitar instrumentos de mellora.
Se o problema é a falta de coñecemento, actividades de formación; se temos que limitar o gas- to de papel, poñer en funcionamento un sistema de comunicación por vía electrónica.
- D. **Realistas.** Os obxectivos teñen que estar adaptados á nosa realidade e contar con recursos materiais, humanos...suficientes.
- E. **Temporalizados.** Para acadar os obxectivos temos que poñernos metas temporais viables.

2.2.4.2 PROPOSTA E SELECCIÓN DE ACCIÓNS

Unha vez concretados os obxectivos, é hora de pensar como imos conseguir chegar a eles. Como no resto do proxecto, son os alumnos e alumnas os que propoñen as accións para acadar os obxectivos, e poden ser eles ou o Comando Verde quen escolla as accións que finalmente se levarán a cabo.

Ao principio, é interesante que non sexades moi críticos na chuvia de ideas inicial, xa que é importante desenvolver a creatividade e ter un amplo abanico de propostas. Non se trata de facer moitas accións, senón soamente as que verdadeiramente poidades asumir, pero para iso debemos ter varias opcións de traballo.

Á hora de seleccionar as accións, podedes ter en conta estes consellos:

Á hora de seleccionar as accións, podedes ter en conta estes consellos:

- A. Podemos filtrar as propostas por capacidade de recursos (humanos ou económicos).
- B. Pola súa capacidade de realizarse con éxito (que non dependan demasiado do tempo atmosférico, da participación das familias ou de persoal externo, etc.).
- C. Polo tempo que requiren (as accións demasiado extensas no tempo poden perder interese para os alumnos e alumnas).
- D. Pola nosa capacidade organizativa (que sexamos quen de organizalas sen interromper a vida cotiá do colexio, en todo caso, aportarlle valor).

EXEMPLO DE ACCIÓNS SOBRE RESIDUOS:

Se un dos nosos obxectivos é reducir os residuos de plástico no centro, podemos planificar as seguintes accións para alcanzalo, pero soamente escolleremos con aquelas que vaian a ter máis éxito.

- *Facer un taller de fabricación de bolsas de tea para as merendas. Este taller pode estar planificado dentro das materias máis relacionadas coa expresión plástica e para os alumnos e alumnas de 5º ou 6º de primaria.*
- *Con carácter xeral o centro pode pedir ás familias que non preparen as merendas envoltas en filme de plástico e darlles ideas substitutivas como bolsas de tea, fiambreiras, etc.*
- *Programar limpeza da aula cara o final da mañá, feitas por nenos e nenas de 1º ou 2º de primaria para espertar neles a conciencia da limpeza e os perigos dos plásticos.*
- *Recoller as palliñas dos zumes, os botes de refresco ou envoltorios durante unha semana en contedores seleccionados para esta actividade e tratar de xuntar cada semana unha menor cantidade.*
- *Campañas de xeración de menos lixo. Unha aula de 4º de primaria pode ser a Patrulla Verde que vaia polo resto das aulas a ler un manifesto sobre as vantaxes de verter menos lixo no patio. Estes nenos e nenas traballarán a expresión lingüística, a redacción e a práctica da exposición en público, e terán o recoñecemento dos demais pola súa tarefa informadora.*

MÁIS PROPOSTAS DE ACCIÓN:

- *Os buscadores de plantas poden ser un grupo de 2º ou 3º de primaria que farán un inventario da flora do centro se o fin é mellorar as zonas verdes.*
- *Os de 1o e 2o de infantil poden facer visitas polas aulas tratando de atopar luces acendidas de xeito innecesario.*
- *Se hai una revista no centro, podedes incorporar a sección de Escola Verde cos logros e consellos que vaiaamos acadando, de xeito que esta acción funcione coma instrumento de difusión ao longo do proxecto. Para isto, ou ben nomeamos unha aula encargada desa sección ou ben invitamos a diferentes aulas para participar en diferentes números da revista. Lembra de non obviar as clases de infantil, que poden participar con debuxos ilustrativos do tema do proxecto.*
- *Podemos inaugurar unha sección “verde” na biblioteca escolar con materiais de consulta sobre o tema escollido para o alumnado ou os docentes.*
- *Como acción ao longo do curso que vincule ás persoas non docentes co proxecto podemos programar, por exemplo, diferentes visitas ás aulas do persoal de mantemento ou comedor para contarlles cal é o seu traballo e sobre a necesidade da colaboración de todos.*
- *Outra acción é “Reporteiros de andar por casa”. Esta actividade consiste en que os nenos e as nenas obteñan fotografías na casa das boas prácticas que adquiriron no centro e que agora practican coa familia. Con isto, montamos no centro un mural de “Reporteiros de andar por casa” para motivar a toda a comunidade educativa e como elemento visibilizador dos cambios conseguidos co noso proxecto.*

Unha vez decididas as accións que imos levar a cabo debemos planificalas. É importante que nesa planificación teñades en conta:

- **O calendario xeral desenvolvido na fase anterior de organización.**
- **O calendario xeral do curso escolar (as festividades, as etapas de avaliación, etc.)**
- **Procurar que as dinámicas non se solapen**
- **Que sexan coherentes coas estacións do ano ou os días da semana**

Unha vez que teñades os obxectivos e seleccionadas e planificadas as accións para alcanzalos, xa contaredes co Plan de Acción que se pode recoller nunha ficha coma a proposta:

PROXECTO ESCOLA VERDE: O CONSUMO DE PAPEL NA ESCOLA				
PLAN DE ACCIÓN				
OBXECTIVOS	ACCIÓNS			
	QUE?	COMO?	QUEN?	CANDO?
OBXECTIVO 1 REDUCIR O CONSUMO DE PAPEL NOS ASEOS E NO COMEDOR	SENSIBILIZAR CON RESPECTO AO CONSUMO DESMEDIDO DE PAPEL PARA SECAR AS MANS.	PREPARAR UN NOTICARIO INFANTIL SOBRE O PROBLEMA E COMPARTILO CON TODA A COMUNIDADE	GRUPOS DE 5º RESPONSABLE: TITOR	ABRIL NA CLASE DE LINGUA 2 SESIÓNS
	ENVIAR UNHA CIRCULAR ÁS FAMILIAS PARA QUE CADA NENO E NENA TRAIAN DA CASA UN PANO DE TEA PARA SECAR AS MANS NO ASEO	A TRAVÉS DA NEWSLETTER DO CENTRO	SECRETARÍA	AO COMEZO DO 2º TRIMESTRE
	COLGAR CARTEIS NOS ASEOS E NO COMEDOR INFORMANDO SOBRE O CONSUMO DE PAPEL E RECORDANDO O PANO DE TEA	CONCURSO DE CARTEIS PARA O CENTRO. OS CARTEIS GANADORES COLGARANSE NOS ASEOS E NO COMEDOR.	TODOS OS ALUMNOS E ALUMNAS. RESPONSABLE: TITORES + COMANDO VERDE QUE ELIXIRÁ AOS GANADORES	NA MATERIA DE PLÁSTICA, ABRIL. 1 SESIÓN
OBXECTIVO 2 ENTENDER DE ONDE VEÑEN OS LIBROS	COMPRENDER O CICLO DO PAPEL	A PARTIR DE MATERIAIS, A CLASE INVESTIGARÁ COMO FUNCIONA O CICLO DO PAPEL	GRUPO DE 4º RESPONSABLE: TITOR	ABRIL, NA CLASE DE CIENCIAS DA NATUREZA 2 SESIÓNS
	VISITA DIDÁCTICA	VISITAR UNHA PLANTA DE RECICLAXE DE PAPEL E CARTÓN	GRUPO DE 6º RESPONSABLE: SECRETARÍA + TITOR	MAIO, PENDENTE CONFIRMAR DA EMPRESA

2.2.4.3 EXECUCIÓN DO PLAN

Unha parte moi importante da execución consiste en realizar dinámicas motivadoras e creativas para que teñan participación real. Non é tan importante o número de accións coma o resultado das mesmas.

FASE 5: AVALIACIÓN

Cos rapaces e rapazas podemos empregar un modelo científico de avaliación, sobre todo facéndolles ver que partimos do diagnóstico inicial e cos obxectivos como metas. Así sacaremos conclusións sobre os resultados concretos do proxecto en canto aos obxectivos, e puntos de mellora, pero tamén sobre a organización escolar e as dinámicas empregadas.

Porase en práctica a autoavaliación como base para a mellora dos procedementos empregados. Así, nesta fase imos ver:

ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN

A AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN

A AVALIACIÓN DO PROXECTO

2.2.5.1 AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN

Cando o plan de acción remata temos que ver se fomos quen de acadar todos os obxectivos propostos, e o grado de consecución dos mesmos, e aportar ideas de mellora para anos vindeiros. Temos varias opcións para avaliar o noso plan de acción.

Unha delas é a avaliación a partir do diagnóstico inicial: retomaremos as ferramentas utilizadas e repetiremos as probas se é necesario para comprobar os cambios acadados. Outra opción máis sinxela é retomar os obxectivos e debater sobre se foron ben cumpridos, e no caso de que fallaran encontrar as posibles causas.

Coma nas anteriores fases, os alumnos e alumnas son os principais protagonistas do proxecto e son eles os que deben avaliar o plan de acción e comunicar aos compañeiros e compañeiras os resultados.

2.2.5.2 AVALIACIÓN DO PROXECTO

Por outra banda, chegados ao remate, debemos facer unha avaliación de todo o proxecto Escola Verde, non soamente en termos de consecución do plan de acción. Pediremos aos implicados unha valoración do proxecto: se o tema escollido foi un acerto, o nivel de participación, se a comunicación durante o proxecto foi suficiente, o grao de implicación que tiveron e propostas de mellora.

Esta avaliación é optativa, pero recomendable. Trátase de recoller sensacións sobre o proxecto e para iso as enquisas son unha ferramenta eficaz. Ao final do bloque tedes un exemplo de **ENQUISA DE AVALIACIÓN DO PROXECTO ESCOLA VERDE**.

FASE 6: COMUNICACIÓN

A comunicación é imprescindible para a boa marcha deste proxecto xa que como vimos contando un dos obxectivos fundamentais é desenvolver unha nova sensibilidade en materia ambiental e un cambio de condutas nos participantes da vida escolar. Acadar estes obxectivos so é posible se a comunidade escolar coñece o tema do proxecto, as súas fases, a implicación que se espera de cada un, etc.

Para traballala dun xeito correcto, imos partir destes tres puntos:

ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN

A DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN
DURANTE O PROXECTO

COMO COMPARTIR OS LOGROS

A MEMORIA ESCOLA VERDE

2.2.6.I DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN DURANTE O PROXECTO

A comunicación, aínda que a plantexemos como fase final, é unha etapa transversal ás outras, que ten que ser traballada dende o primeiro momento ata o remate do proxecto. Todas as fases inclúen tarefas de comunicación: comunicación do plan de traballo, fase de sensibilización, comunicar os resultados e conclusión do diagnóstico, o plan de acción, os resultados da avaliación, etc.

É tarefa do Comando Verde fomentar a difusión do proxecto en todas as súas fases. Sen embargo, na medida en que se vaian facendo dinámicas na escola, os propios alumnos e alumnas e os docentes poden contar as súas experiencias e debemos ter canles de comunicación activas para eles.

Algunhas das máis habituais poden ser blogs do centro na súa vertente máis tecnolóxica, ou tableiros de información na máis tradicional. Deixaremos que cada curso escolla o xeito de contar ao resto da comunidade as súas actividades, sempre dinamizado polo Comando Verde.

De seguro a comunidade escolar terá interese no proxecto e confiará nas bondades dos obxectivos que vos propoñades, pero as tarefas de comunicación axudarán a que non sexa soamente unha idea que promove o Comando Verde, senón toda unha filosofía de traballo palpable no centro.

2.2.6.2 COMPARTIR OS LOGROS

Cada centro poderá decidir o xeito de comunicar e celebrar a fin do proxecto segundo a dimensión da escola, o ámbito do proxecto, as instalacións ou os recursos dispoñibles.

Os alumnos e alumnas serán os mellores embaixadores das melloras acadadas e podemos conformar unha asemblea no salón de actos na que poidan explicar o proxecto con murais, cancións, teatralizacións...

2.2.6.3 MEMORIA ESCOLA VERDE

Todas estas cuestións antes mencionadas deberán ser recollidas nunha “**Memoria Escola Verde**” que sirva de documento de consulta xeral. Segundo o traballo realizado por cada centro, os puntos poden variar lixeiramente, pero tedes aquí un índice xeral de contidos.

Exemplo de índice de Memoria Escola Verde

A PARTICIPACIÓN NO PROXECTO ESCOLA VERDE	
O TEMA SELECCIONADO	
O SISTEMA DE TRABALLO EMPREGADO: COMANDO VERDE CANALES DE COMUNICACIÓN CALENDARIO	
DIAGNÓSTICO: FERRAMENTAS EMPREGADAS CONCLUSIÓNS	
PLAN DE ACCIÓN	
MEMORIA DE ACTIVIDADES	
AVALIACIÓN: DOS OBXECTIVOS DO PROCESO	
CONCLUSIÓNS	
ÁLBUM DE FOTOS	

A Memoria Verde pode incluír un álbum de lembranzas que recolla fotografías, firmas, frases, etc. das actividades do centro durante as fases deste proxecto e que sirva de elemento motivador para os vindeiros proxectos e mesmo para as vindeiras xeracións escolares.

RESUMO DAS FASES DO PROXECTO ESCOLA VERDE

FASE 1: ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN

FASE 2: SENSIBILIZACIÓN E MOTIVACIÓN

FASE 3: DIAGNÓSTICO

FASE 4: PLAN DE ACCIÓN

FASE 5: AVALIACIÓN

FASE 6: COMUNICACIÓN

2.3 FICHAS DE TRABAJO

A continuación móstranse fichas de traballo a tomar como exemplos para levar a cabo o voso proxecto Escola Verde. Non pretenden ter carácter exhaustivo pero si servir como puntos de partida para adaptalas ás necesidades da vosa Escola Verde.

2.3.1 FICHA PLANIFICACIÓN DO PROXECTO ESCOLA VERDE

CURSO: _____												
FASES PROXECTO ESCOLA VERDE TEMA ESCOLLIDO: _____		GRUPOS IMPLICADOS	PROFESOR	PRIMEIRO TRIMESTRE				SEGUNDO TRIMESTRE			TERCEIRO TRIMESTRE	
				09	10	11	12	01	02	03	04	05
ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN	ORGANIZACIÓN											
	CONSTITUCIÓN DO COMANDO VERDE											
	ELECCIÓN DO TEMA DO PROXECTO											
	DESEÑO DO CALENDARIO DO PROXECTO											
	PRESENTACIÓN DO PROXECTO Á COMUNIDADE											
SENSIBILIZACIÓN E MOTIVACIÓN	CAMPAÑA DE SENSIBILIZACIÓN											
DIAGNÓSTICO	DESEÑO DE FERRAMENTAS DE DIAGNÓSTICO											
	DIAGNOSE											
	CONCLUSIÓNS											
PLAN DE ACCIÓN	OBXECTIVOS											
	DESEÑO DE PLANS DE ACCIÓN											
	EXECUCIÓN DE PLANS DE ACCIÓN											
AVALIACIÓN	AVALIACIÓN DO PROXECTO											
	AVALIACIÓN DO PLAN DE ACCIÓN											
COMUNICACIÓN	DIFUSIÓN E COMUNICACIÓN											
	COMPARTIR OS LOGROS											
	MEMORIA ESCOLA VERDE											

2.3.2 FICHA EXEMPLO DE ENQUIISA SOBRE A PERCEPCIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO (FASE DIAGNÓSTICO)

PROXECTO ESCOLA VERDE			
FASE: DIAGNÓSTICO	DATA -----	GRUPO DE TRABAJO -----	PERSOA RESPONSABLE -----
ENQUIISA SOBRE A PERCEPCIÓN DO CAMBIO CLIMÁTICO			
ESTÁS DE ACORDO COAS SEGUINTE FRASE?	NON	MÁIS OU MENOS	SI
O CAMBIO CLIMÁTICO NON EXISTE, É UN CONTO CHINÉS			
SEI O QUE É O CAMBIO CLIMÁTICO E PODO EXPLICALO			
SEI O QUE É O EFECTO INVERNADOIRO			
EU NON TEÑO CULPA DO CAMBIO CLIMÁTICO			
EU NON PODO FACER NADA PARA ARRANXAR O CAMBIO CLIMÁTICO			
RECICLAR AXUDA Á LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO			
O CAMBIO CLIMÁTICO É A RAZÓN POLA QUE O TEMPO ESTÁ UN POUCO TOLO			
OS RESPONSABLES DO CAMBIO CLIMÁTICO SON OS AUTOMÓVILES			
OS MÁIS AFECTADOS POLO CAMBIO CLIMÁTICO SON OS PAÍSES POBRES			
SÓ OS MAIORES TEÑEN QUE FACER COUSAS PARA EVITAR O CAMBIO CLIMÁTICO			
DEIXAR AS LUCES ACESAS NON TEN IMPACTO NO MEDIO AMBIENTE			
DEIXAR QUE A CALEFACCIÓN ESCAPE POLAS FIESTRAS É MALO PARA O MEDIO AMBIENTE			

2.3.3 FICHA EXEMPLO DE REXISTRO DE RESIDUOS (FASE DIAGNÓSTICO)

PROXECTO ESCOLA VERDE						
FASE: DIAGNÓSTICO	DATA	GRUPO DE TRABAJO			PERSONA RESPONSABLE	
FICHA DE REXISTRO DE RESIDUOS						
QUE QUEREMOS ANALIZAR?	COMO?	RECOLLIDA DE DATOS				
VER QUE RESIDUOS SE TIRAN NO CHAN		ZONAS DE APARICIÓN / TIPOS DE RESIDUOS	FOLLAS	ENVOLTORIOS DAS MERENDAS	PAPEL	BOLIÑAS E RESTOS DE ALUMINIOS
TEMOS SUFICIENTES PAPELEIRAS? SEPARAMOS BEN OS RESIDUOS?		CONTEDOR DE:	LOCALIZACIÓN		ESTÁ CHEO?	ATÓPANSE OUTROS RESIDUOS?
		PAPEL				
		PLÁSTICOS				
		RESTO				

2.3.4 FICHA EXEMPLO DE DETECCIÓN DE PUNTOS CRÍTICOS (FASE DE DIAGNÓSTICO)

PROXECTO ESCOLA VERDE			
FASE: DIAGNÓSTICO	DATA:	GRUPO DE TRABAJO:	PERSOA RESPONSABLE
DETECCIÓN DE PUNTOS CRÍTICOS NAS ÁREAS DE TRABAJO DO PROXECTO			
	CONSUMO DE AUGA	RESIDUOS	CONSUMO ENERXÉTICO
AULAS			
COMEDOR			
XIMNASIO			
COCIÑA			
SALÓN DE ACTOS			
PASILLOS			
PATIO			
PATIO CUBERTO			
DIRECCIÓN			
SALA DE MESTRES / MESTRAS			
PISTA DE DEPORTE			

2.3.5 FICHA DE PLAN DE ACCIÓN

PROXECTO ESCOLA VERDE:				
.....				
PLAN DE ACCIÓN				
OBXECTIVOS	ACCIÓNS			
	QUE?	COMO?	QUEN?	CANDO?
OBXECTIVO 1:				
OBXECTIVO 2:				
OBXECTIVO 3:				

2.3.7 ENQUIISA EXEMPLO AVALIACIÓN DO PROXECTO ESCOLA VERDE

PROXECTO ESCOLA VERDE:	
ENQUIISA DE OPINIÓN SOBRE O PROXECTO	
NOME:	
GRUPO:	
QUE FOI O QUE MÁIS CHE GUSTOU DO PROXECTO ESCOLA VERDE?:	
QUE FOI O QUE MENOS CHE GUSTOU DO PROXECTO ESCOLA VERDE?	
CAL FOI A TÚA ACTIVIDADE FAVORITA?	
SABES MÁIS AGORA QUE AO PRINCIPIO DO CURSO SOBRE O TEMA TRABALLADO?	
QUE BOAS PRÁCTICAS PARA O MEDIO AMBIENTE APRENDICHES?	
QUERES QUE O SEGUINTE ANO REPITAMOS O PROXECTO ESCOLA VERDE TRATANDO OUTRO TEMA?	
QUE TEMA CHE GUSTARÍA QUE SE TRATARA NO VINDEIRO CURSO?	

2.3.8 FICHA EXEMPLO DE PLAN DE COMUNICACIÓN DO COMANDO VERDE (FASE DE COMUNICACIÓN)

PROXECTO ESCOLA VERDE:					
.....					
PLAN DE COMUNICACIÓN DO COMANDO VERDE					
FASE: COMUNICACIÓN	DATA:		GRUPO DE TRABALLO: COMANDO VERDE		
	QUE IMOS CONTAR	DATA DA COMUNICACIÓN	FASE DO PROXECTO	CANAL DE COMUNICACIÓN	RESPONSABLE
-aos MESTRES E MESTRAS					
-aos PAIS E NAIS					
-aos ALUMNOS E ALUMNAS					
ao PERSOAL NON DOCENTE					
OUTROS					

3

MANUAL BOAS PRÁCTICAS



3 BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS NAS ESCOLAS

Desenvolvemento Sustentable: O xeito de garantir as necesidades do presente sen comprometer a capacidade das xeracións futuras de satisfacer as súas propias necesidades”. Informe Brundtland (1987)

A sociedade de consumo na que medran os rapaces e rapazass está mergullada nunhas dinámicas moitas veces prexudiciais para o medio ambiente. No noso modelo económico actual, a elevada cantidade de produtos e servizos que se comercializan no mercado provoca unha redución dos recursos naturais e unha maior xeración de residuos de diferente natureza.

Como sociedade temos a responsabilidade de facer fronte aos nosos erros e mellorar as nosas actitudes; como educadores e educadoras, a de traballar co alumnado en pro dunha conciencia da sostibilidade. A educación en materia ambiental debe traballarse dende as primeiras etapas escolares, xa que é neste momento cando os nenos e nenas adquiren os coñecementos básicos para o seu desenvolvemento, sendo conscientes e partícipes do que lles rodea.

Este bloque é un **manual de boas prácticas ambientais** que agrupa por temáticas os principais consellos que pode seguir cada grupo participante da vida escolar.

A ECONOMÍA CIRCULAR E AS 9R

Para a implantación de boas prácticas ambientais na escola, é importante que coñezamos o concepto de economía circular.

A economía circular é un termo derivado do ámbito económico que se relaciona coa sustentabilidade, e cuxo obxectivo é que o valor dos produtos, os materiais e os recursos (como a auga ou a enerxía) se manteñan na economía durante o maior tempo posible. Deste xeito, conseguimos reducir ao mínimo a xeración de residuos xa que usamos durante máis tempo os mesmos elementos e non temos a necesidade de xerar máis da conta.

Este modelo de economía chámase circular porque segundo vedes, está baseada no principio de «pechar o ciclo de vida» dos produtos e recursos.



AS 9 "ERRES" DA ECONOMÍA CIRCULAR

REPENSAR	Repensar o modelo de economía lineal ;avaliar a nosa forma de vida para conseguir un menor impacto ambiental cos procesos cotiás.
REDESEÑAR	Os produtos máis sostibles son tamén aqueles que foron deseñados dun xeito máis respectuoso co entorno, sendo máis viable a súa reutilización e máis sinxelo o seu reciclado.
REFABRICAR	Atopámonos nun momento importante para demandar unha nova forma de producir produtos e servizos. A maquinaria, os materiais de traballo, os alimentos, os vehículos... deben esforzarse por saír ao mercado con procesos de fabricación mais sostibles.
REPARAR	Debemos ter en conta se un produto se pode reparar antes de desbotalo. Así, priorizaremos a reparación fronte a adquisición.
REDISTRIBUIR	O consumo debe facerse de forma equitativa e sostible. Debemos priorizar o consumo de produtos con menor pegada ecolóxica, e produtos de proximidade, entre outros.
REDUCIR	Reducir é "Facer que algo sexa menor", polo que na vida escolar é importante diminuír a cantidade de residuos que xerásemos e mermar os recursos naturais que consumimos.
REUTILIZAR	Hai moitos produtos da nosa vida diaria no colexio que poden ter un novo uso se os aproveitamos axeitadamente. Botade unha ollada ao voso redor e valorade que utensilios podemos reutilizar para o mesmo uso ou para outros.
RECICLAR	Fronte á reutilización, que non implica cambiar o produto, reciclar é rexenerar un material xa usado para volvelo a utilizar.
RECUPERAR	Este aspecto trata de mellorar os aspectos produtivos de todos aqueles residuos que non puideron ser tratados por algún dos procesos descritos con anterioridade e que nós podemos coñecer e valorar.

AS 9 "ERRES" DA ECONOMÍA CIRCULAR

REPENSAR

Repensar o modelo de economía lineal ;avaliar a nosa forma de vida para conseguir un menor impacto ambiental cos procesos cotiás.

REDESEÑAR

Os produtos máis sostibles son tamén aqueles que foron deseñados dun xeito máis respectuoso co entorno, sendo máis viable a súa reutilización e máis sinxelo o seu reciclado.

REFABRICAR

Atopámonos nun momento importante para demandar unha nova forma de producir produtos e servizos. A maquinaria, os materiais de traballo, os alimentos, os vehículos... deben esforzarse por saír ao mercado con procesos de fabricación mais sostibles.

REPARAR

Debemos ter en conta se un produto se pode reparar antes de desbotalo. Así, priorizaremos a reparación fronte a adquisición.

REDISTRIBUÍR

O consumo debe facerse de forma equitativa e sostible. Debemos priorizar o consumo de produtos con menor pegada ecolóxica, e produtos de proximidade, entre outros.

REDUCIR

Reducir é "Facer que algo sexa menor", polo que na vida escolar é importante diminuír a cantidade de residuos que xerásemos e mermar os recursos naturais que consumimos.

REUTILIZAR

Hai moitos produtos da nosa vida diaria no colexio que poden ter un novo uso se os aproveitamos axeitadamente. Botade unha ollada ao voso redor e valorade que utensilios podemos reutilizar para o mesmo uso ou para outros.

RECICLAR

Fronte á reutilización, que non implica cambiar o produto, reciclar é rexenerar un material xa usado para volvelo a utilizar.

RECUPERAR ENERXÍA

Este aspecto trata de mellorar os aspectos produtivos de todos aqueles residuos que non puideron ser tratados por algún dos procesos descritos con anterioridade e que nós podemos coñecer e valorar.

Unha vez visto este importante concepto, entramos a ver as boas prácticas ambientais. O manual está dirixido aos seguintes grupos ou áreas:



3.1 A MISIÓN DO COMANDO VERDE NAS BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS

O Comando Verde ten varias funcións en canto as boas prácticas ambientais:

- A. Coñecer e comprender as boas prácticas, en especial as que afecten a o seu grupo (docentes, alumnado, persoal de limpeza...etc).
- B. Divulgar utilizando as canles de difusión escollidos polo centro as boas prácticas para que estas sexan coñecidas por toda a comunidade escolar.
- C. Fomentar e motivar, actuando como exemplo fronte ao resto da comunidade escolar.
- E. Vixiar que as boas prácticas estéanse a cumprir no centro, avisar aos protagonistas delas cando non se estean a facer axeitadamente e corrixir se é necesario.
- F. Comunicar ao resto do Comando Verde no caso de detectar que algunha boa práctica non se cumpra correctamente de maneira recorrente, debater sobre as causas e iniciar unha campaña de conciencian se é necesario.

3.2 PERSOAL DOCENTE, DE XESTIÓN E ADMINISTRACIÓN

Na vosa vida cotiá no centro hai diferentes áreas de xestión nas que podedes aplicar boas prácticas ambientais. A continuación tedes consellos para a mellora en cada unha delas.

3.2.1 MATERIAL ESCOLAR

- A. É posible que estemos afeitos a pensar nos materiais que imos precisar sen ter en conta os sobrantes do ano anterior. Seguramente poidamos reutilizar estoxos, papeis, pinturas, libretas... do pasado curso escolar.

- B. En niveis como educación infantil é preciso ter diversos tipos de materiais para expresión plástica e dinámicas (plastilina, papeis de cores, pinturas, etc.). Valorade a posibilidade de que fagades unha compra grupal en lugar de solicitar unha compra individual por alumno ou alumna. Deste xeito seguramente poidades reducir a cantidade total mercada.
- C. Tratade de priorizar a compra de produtos con materiais non nocivos, duradeiros, resistentes e obtidos con materiais renovables, reciclados e reciclables. Tamén podemos optar por materiais ecolóxicos homologados ou con certificacións que garantan unha correcta xestión ambiental, así coma de provedores que posúan algún tipo de certificación ambiental homologada.
- D. Na medida das vosas posibilidades, non solicitar cambios de libros a non ser que sexa necesario.

3.2.2 A IMPRESIÓN DE DOCUMENTOS E O CONSUMO DE PAPEL

Nas aulas e salas de profesores o papel é o recurso máis utilizado xunto coa enerxía. Utilizamos papel para actividades nas aulas, cartelería e labores de apoio ás actividades educativas, entre outros. Ademais dos consellos relacionados co papel que xa vimos no apartado de impresión de documentos, tede en conta estas outras boas prácticas:

- A. Evitade os erros de impresión colocando as instrucións de uso nas propias impresoras e fotocopiadoras. Deste xeito todos os docentes manexarán con soltura as impresoras e aforrarán tempo e depósito de residuos.
- B. Imprime a dúas caras e varias follas por páxina sempre que sexa posible.
- C. É interesante fomentar o uso de dispositivos de almacenamento USB en lugar de papeis impresos e consultar arquivos electrónicos en lugar de fotocopiar documentos.
- D. Probade a substituír algunhas das comunicacións en papel polo correo electrónico ou outras aplicacións de mensaxería. Sacádelle partido á páxina web do centro ou ao taboleiro de anuncios.
- E. Por outra banda, tede en conta cando sexa posible, o uso de cartuchos de tinta que se poidan reencher.
- F. Se usades carpetas e archivadores tratade de reutilizalos sempre que sexa posible. Escribir neles en lapis para poder reutilizalos no futuro.
- G. Anotade o gasto en papel e tinta que facedes de xeito anual e comparádeo co mesmo reconto ao final do curso despois de implantar estas boas prácticas ambientais. O resultado pode ser sorprendente.

3.2.3 CONSUMO ENERXÉTICO

As boas prácticas relacionadas coa enerxía teñen que ver coas necesidades de iluminación, o uso de aparatos eléctricos e electrónicos e a climatización. A continuación propoñemos algunhas medidas de redución do consumo que podedes poñer en práctica:

- A. Se é posible no voso espazo de traballo (o despacho ou ás aulas onde estades), tratade de controlar a temperatura do sistema da calefacción. Debe ser acorde á temperatura exterior e nunca maior de 21°C en inverno e non se deben abrir as fiestras para que a calor non escape por elas.
- B. Programade a calefacción para que se apague 30 minutos antes do fin do horario escolar; os emisores de calor manteranse quentes pola inercia térmica e aforraredes enerxía.
- C. Facede un uso racional da iluminación e a calefacción, baixando persianas ou cortinas para evitar a entrada de calor no verán e subíndoas no inverno para recibir a luz do sol directamente, evitando o consumo continuado de electricidade en iluminación.
- D. Apagade os aparatos electrónicos totalmente, eliminando o stand by ou piloto vermello/azul, cando non os empregades. Isto aplica para as pantallas, proxectores, ordenadores, etc. Unha medida sinxela consiste en conectar os aparatos eléctricos a unha regreta con interruptor que permita apagalos todos a un tempo.
- E. En aulas de informática ou onde se usen ordenadores, podedes activar o salvapantallas dos ordenadores en modo “pantalla en negro” para contribuír ao aforro de enerxía.

3.2.4 XESTIÓN DE RESIDUOS

As boas prácticas para o uso de recursos e a súa correcta reciclaxe que vos propoñemos son as seguintes:

- A. Evitade o uso das grampas metálicas, é mellor usar clips que poden reutilizarse moitas veces sen xerar residuos. Ademais, as grampas débense quitar dos documentos cando separedes o papel para a súa reciclaxe no contedor azul.
- B. Do mesmo xeito que propoñíamos cartuchos que se poidan reenchener para a tinta, podemos facer a mesma reflexión coas pilas. Tede en conta que unha pila recargable ten aproximadamente 2000 ciclos de uso.
- C. Reutilizade cando poidades os envases. Aqueles que sexan de vidro, plástico ou outros materiais pódense utilizar para gardar lapis, pinturas, etc. Tamén se poden facer sementeiros con diversos tipos de envases no caso de contar o centro con actividades de hortos.

- D. No caso de uso de máquina de café de cápsulas, lembre que non se deben tirar ao contedor amarelo, é preciso envialas ao provedor. Tede en conta que este tipo de cafeteiras producen unha alta cantidade de residuos. Sempre podeades voltar a unha cafeteira tradicional.
- E. A produción de residuos é inevitable pero o que si está nas nosas mans é a súa xestión apropiada. O máis importante sen dúbida é intentar non depositar nunca os residuos fóra do seu contedor.
- F. Un caso especial son os residuos xerados en torno ao botiquín ou espazo de primeiros auxilios que teñades no centro, que neste caso deben ser reciclados a través dun punto SIGRE.

3.3 ALUMNOS E ALUMNAS

As boas prácticas relacionadas coa enerxía teñen que ver coas necesidades de iluminación, o uso de aparatos eléctricos e electrónicos e a climatización. A continuación propoñemos algunhas medidas de redución do consumo que podeades poñer en práctica:

3.3.1 NAS AULAS Y PASILLOS

As boas prácticas relacionadas coa enerxía teñen que ver coas necesidades de iluminación, o uso de aparatos eléctricos e electrónicos e a climatización. A continuación propoñemos algunhas medidas de redución do consumo que podeades poñer en práctica:

- A. Apagar as luces cando non sexan necesarias e afacerse a comprobar se quedan acendidas na aula ao saír.
- B. Apagar os ordenadores e outros aparatos cando se remate de facer uso deles.
- C. Pechar as fiestras abertas ou avisar ao profesorado se está a calefacción acendida, para non perder calor.
- D. É moi importante ser conscientes da tipoloxía de residuos que pasan polas mans do alumnado e o depósito dos mesmos nos contedores apropiados.

3.3.2 ASEOS

- A. Usar a menor cantidade posible de auga nos aseos pechando as billas mentres se lavan os dentes despois da merenda ou nos aseos do comedor á hora do xantar.
- B. Non deixar as luces acendidas ao saír do baño. Non botar residuos nos inodoros
- C. O uso do papel de mans nos aseos pódese reducir se cada alumno ou alumna trae á escola a súa toalla para secar as mans nos aseos.

3.3.3 NO RECREO

- A. Unha boa práctica no recreo é o uso de fiambreiras reutilizables en lugar de bolsas de plástico para traer as merendas ao colexio. Se é posible, é importante reducir o número de envases e embalaxes que veñen coas comidas compradas.
- B. Coas bebidas tamén se pode reencher unha cantimplora con auga ou zume en lugar de mercar pequenas botellas ou bricks dun so uso.
- C. Tirar ao contedor axeitado os pequenos plásticos ou envases se os atopamos tirados no chan.

3.3.4 NO COMEDOR

- A. O uso dos panos de papel no comedor pódese eliminar se cada alumno ou alumna trae á escola un pano de tea.
- B. No caso de comedores no que se poida escoller a comida que se serve, non botar comida de máis que non se vaia a consumir. É mellor repetir que tirar a comida que xa non poderá aproveitarse.
- C. No comedor tamén hai que separar o lixo: os restos de comida no contedor orgánico e os envases de plástico no contedor amarelo.

Na seguinte folia tedes un resumo para entregar aos alumnas e alumnos:

NA AULA

- A. Apaga as luces cando non sexan necesarias e comproba que non se quedan acendidas ao saír ao patio.
- B. Apaga os ordenadores e outros aparatos cando termines de usalos.
- C. Pecha as fiestras abertas ou avisa ao mestre se está a calefacción acendida.
- D. Cada residuo no seu contedor, se tes dúbidas, podes preguntar ao profe.
- E. Coida os libros e o material escolar, así durará

NOS ASEOS

- A. Pecha a billa mentres te lavas os dentes, hai que aforrar auga!
- B. Non deixes as luces acendidas ao saír do baño.
- C. Non botes residuos nos inodoros
- D. Trae a túa toalla para secar as mans , cos panos de papel xeramos unha grande cantidade de residuos.

BOAS PRÁCTICAS AMBIENTAIS

NO RECREO

- A. Trae a merenda nunha fiambreira ou bolsa de tea. É importante reducir o número de envases e embalaxes que veñen coas comidas que mercamos no super.
- B. Sabías que as palliñas son moi difíciles de reciclar? É mellor que empregues unha cantimplora para teu zume ou batido.
- C. Tira ao contedor axeitado os pequenos plásticos ou envases se os atopas tirados no chan.

NO COMEDOR

- A. Trae á escola un pano de tea para o comedor.
- B. Se podes escoller a cantidade de comida no teu prato, non botes comida de máis. É mellor repetir que tirar a comida.
- C. No comedor tamén hai que separar o lixo: os
- D. restos de comida no contedor orgánico e os envases de plástico no contedor amarelo.

3.4. FAMILIAS

As familias son o respaldo dalgunhas actitudes aprendidas polo alumnado na escola e quenes poden axudar a poñelas en práctica. Dende a escola podemos facelas partícipes das accións levadas a cabo e propor a súa implicación. Aquí tendes varios exemplos.

3.4.1 MATERIA ESCOLAR

- A. A compra de papel pódese facer dun xeito sostible, mercándoo 100% reciclado libre de cloro para folios, libretas, etc. Tamén se terá en conta a escolla de rotuladores sen disolventes, colas e pegamentos non tóxicos, etc.
- B. As fotocopias e outros documentos que xa non se necesiten pódense reutilizar usando a cara libre. Ter na casa ou na carpeta algúns folios “en sucio” evita mercar papel de máis.

3.4.2 O CAMIÑO ESCOLAR

- A. O Camiño Escolar é unha iniciativa que consiste en fomentar que os nenos e nenas veñan camiñando sos ou con amigos ou amigas á escola, sen a compañía de adultos. O obxectivo é que o alumnado chegue ao centro de forma sostible e nunhas condicións óptimas de seguridade, realizando os itinerarios a pé.
- B. Durante o camiño, poderase fomentar a conversa, a comunicación, transmitir conceptos e valores como o cumprimento das normas, respecto polo medio, atención aos demais, iniciativa persoal e mellora da condición física.
- C. Para garantir o éxito desta iniciativa é preciso a implicación das familias, que actuarían coma colaboradores, situándose en cruces de rúas para axudar a atravesar eses espazos nos que poida existir algo máis de tráfico.

3.4.3 AXUDANDO A REDUCIR OS RESIDUOS NA ESCOLA

- A. Fiambreiras ou pequenas bolsas de tea co bocadillo en lugar de papel de aluminio ou filme de plástico.
- B. Panos de man de tea que poden levar para o comedor en lugar de usar panos de mesa de papel. Os panos de tea pódense levar a lavar a casa semanalmente.
- C. Toalla para o uso no baño en lugar de panos de papel.
- D. Cantimploras coas bebidas en lugar de botellas de batidos ou bricks individuais.
- E. Nalgunhas escolas, os nenos e nenas levan doces para compartir con seus compañeiros e compañeiras cando é o seu aniversario. Neste caso, recomendamos que se escollan doces a granel e que utilicen o papel de cociña para repartilos na clase en vez de doces envoltos individualmente, así evitamos xerar moitos envases plásticos. Se vos atrevedes, é unha boa ocasión para cociñar galletas cos nenos e nenas e levalas nunha fiambreira.

3.5 PERSOAL DE MANTEMENTO

O persoal de servizos ocúpase de tarefas de mantemento de instalacións ou de mantemento de xardíns, e polas características do seu traballo, ten contacto con moitas áreas susceptibles de ser reenforcadas con boas prácticas ambientais.

3.5.1 PRODUTOS

- A. Débese tratar de reducir na medida do posible o uso de produtos químicos perigosos para o medio ambiente xa que son perigosos en si mesmos e tamén por deixar envases contaminados. En particular debemos evitar o uso de aerosois polas súas repercusións ambientais.

3.5.2 EQUIPOS

- A. É importante facer un mantemento preventivo dos equipos e instalacións porque axuda a alongar a vida dos aparatos. Sempre que sexa posible, é mellor reparar os aparatos eléctricos para reducir a cantidade de residuos desta tipoloxía.
- B. A hora de comprar novos equipos, escoller os de categoría A que empregan menor cantidade de enerxía.

3.5.3 INSTALACIÓNS DE AUGA E ENERXÍA

De cara ao mantemento das instalacións de auga e enerxía do centro recomendamos esta serie de boas prácticas:

- A. Controlar con frecuencia a existencia de posibles fugas para evitar gasto innecesario. Pode ser interesante coñecer e avaliar o consumo de auga periodicamente para axudar a detectalas.
- B. É moi importante manter limpos os focos de calor do sistema de calefacción, radiadores, tubaxes, entre outros.
- C. Tamén limpar con frecuencia os sistemas de iluminación como as lámpadas ou focos.
- D. Controlar a temperatura do sistema de calefacción é moi recomendable se existe un sistema de calefacción xeral. Debe ser acorde á temperatura exterior e nunca maior de 21°C en inverno.

3.5.4 XESTIÓN DE RESIDUOS

Nas tarefas habituais de mantemento do centro xéranse residuos especiais que debemos ter en conta. A mellor práctica ambiental neste tema é intentar reducir a cantidade de residuos antes de que se produzan, e xestionalos apropiadamente unha vez que se produciron.

OS RESIDUOS PERIGOSOS QUE PODEMOS ATOPAR NA ESCOLA

- A. Tubos fluorescentes e bombillas
- B. Equipos eléctricos e electrónicos
- C. Pilas e acumuladores
- D. Envases con restos de sustancias perigosas
- E. Residuos de pintura e verniz
- F. Aceites hidráulicos
- G. Produtos químicos perigosos caducados ou en desuso procedentes das labores de limpeza, mantemento ou xardinería
- H. Aerosois e aerosois baleiros utilizados no mantemento das instalacións
- I. Materiais absorbentes contaminados, trapos, papel, entre outros manchados de aceite e produtos químicos



Estes residuos deben ser xestionados a través dun xestor autorizado ou no caso de pequenas cantidades, pódense levar ao Punto Limpo. No caso dos residuos non perigosos, cada un no seu contedor seguindo a seguintes regras:

MODELO ENVASES + FRACCIÓN RESTO

 <p>ENVASES</p>	 <p>FRACCIÓN RESTO</p>	 <p>PAPEL E CARTÓN</p>	 <p>VIDRO</p>
<p>Botellas de plástico que contiveran líquidos (aceites vexetais, refrescos, auga, leite, etc.), botes de plástico que contiveran produtos de aseo, limpeza, ou cosméticos, bandexas de aluminio, porexpán ou cortiza branca, redes de envoltorios de froitas, plásticos filme e envoltorios de aluminio, bolsas de plástico dos comercios, envases plásticos de manteiga, iogur ou aperitivos, latas de conservas, de bebidas e de refrescos, briks de leite, batidos, viño, zumes, e, en xeral, todos os envases de plástico, latas e briks que leven impreso o punto verde.</p> <p>Non se deben depositar neste contedor residuos de plástico que non sexan envases (xoguetes, cepillos de dentes, rotuladores, cables eléctricos, enchufes, etc.), así como cueiros, restos de alimentos, papel, vidro, pilas, etc.</p>	<p>Restos orgánicos (en caso de non dispoñer de composteiro), cueiros, compresas, papel e cartón con restos de graxa, panos de papel usados, lámpadas incandescentes, espellos, louza rota, CDs, bolígrafos, xoguets de plástico, etc.</p>	<p>Xornais e revistas, cadernos sen argolas, sen grampas e sen arames, papel de envolver ou embalar, caixas de cartón (de galletas, cereais, zapatos, ...), envases de papel (de arroz, fariña, azucre, ...), cartóns de ovos, Acolchado de embalaxes (cando sexa de papel ou cartón), libros e follas de apuntes.</p> <p>Non se deben depositar neste contedor papeis tratados-encerados, plastificados, de calco, sucios ou con restos de graxa.</p>	<p>Vidro en forma de botella de calquera cor, frascos e tarros (conservas, colonias...).</p> <p>Non se debe depositar aquí lámpadas, vasos e copas de cristal, cristais de xanela, espellos, lentes, lúas de automóviles, frascos de medicamentos, produtos de cerámica ou porcelana ou tubos fluorescentes, hai que separalos e levalos ó punto limpo.</p>

MODELO ORGÁNICO + INORGÁNICO

 <p>RESIDUOS ORGÁNICOS</p>	 <p>FRACCIÓN INORGÁNICA</p>	 <p>PAPEL E CARTÓN</p>	 <p>VIDRO</p>
<p>Restos de comida, e restos de preparación de comida; residuos de papel (papel cocina sucio, panos de papel...); restos vexetais de pequena dimensión (flores e follas secas, pequenas ramas...); outros como: serrín, virutas de madeira, tapóns de corcho...</p>	<p>Envases de plástico e aluminio, botes, botellas ou garrafas de plástico, bricks, bolsas ou envoltorios, filme de plástico, terrinas de iogur, bandexas e envoltorios de aluminio, tapas metálicas (dos tarros de vidro). En xeral, todos os residuos de plástico e metal, non só os envases que non podan ir ao resto de contedores.</p>	<p>Xornais e revistas, cadernos sen argolas, sen grampas e sen arames, papel de envolver ou embalar, caixas de cartón (de galletas, cereais, zapatos, ...), envases de papel (de arroz, fariña, azucre, ...), cartóns de ovos, Acolchado de embalaxes (cando sexa de papel ou cartón), libros e follas de apuntes.</p> <p>Non se deben depositar neste contedor papeis tratados-encerados, plastificados, de calco, sucios ou con restos de graxa.</p>	<p>Vidro en forma de botella de calquera cor, frascos e tarros (conservas, colonias...).</p> <p>Non se debe depositar aquí lámpadas, vasos e copas de cristal, cristais de xanela, espellos, lentes, lúas de automóviles, frascos de medicamentos, produtos de cerámica ou porcelana ou tubos fluorescentes, hai que separalos e levalos ó punto limpo.</p>

Se tedes calquera dubida, o mellor é contactar directamente con concello.

3.5.5 MANTEMENTO E COIDADADO DE XARDÍNS

- B. Para o mantemento dos xardíns recoméndase eliminar os pesticidas ou utilizar os que leven ecoetiqueta.
- C. Reducir o consumo de auga facendo as labores de rego polas mañás e avaliando o uso de vexetación na escola que necesite pouca auga.
- D. Instalar un composteiro para os residuos de poda e os do comedor, producindo abono biolóxico para despois empregalos nos hortos ou xardíns do centro.

3.6 PERSOAL DE LIMPEZA

O persoal responsable da limpeza das instalacións ocúpase dunha parte específica da dinámica do centro con moita influencia no uso de produtos e da auga. Dada a súa parte activa en materia ambiental podemos propor as seguintes boas prácticas.

3.6.1 PRODUTOS E RESIDUOS

- A. Reducir a compra de produtos e utensilios ao mínimo preciso, usar a mínima cantidade segundo as indicacións e priorizar os biodegradables.
- B. Os envases de produtos de limpeza baleiros que non teñan o pictograma de perigosidade deben botarse no contedor amarelo. Non obstante, se aínda queda produto no envase, este será un residuo perigoso e deberá levarse ao punto limpo.
- C. Cando sexa posible, botar man de trapos, fregonas, panos de tea e outros materiais reutilizables en lugar de papel ou toallinas dun só uso.
- D. Cando se limpen as papeleiras das aulas ou despachos hai que baleirar os residuos nos contedores axeitados. No caso de que non se estean separando os residuos da forma correcta, débese avisar a un responsable do centro.

3.6.2 USO DA AUGA

- A. É importante evitar verter sustancias e produtos ao sanitario que poidan supoñer unha dificultade engadida para as depuradoras de augas residuais. Neste sentido, deberá evitarse a vertedura de corpos sólidos como anacos de papel (salvo o hixiénico), metais, madeira ou calquera utensilio e de produtos de limpeza agresivos e todo tipo de disolventes, que deben ser xestionados a través dun xestor autorizado.

3.6. PERSOAL DE COMEDOR

A continuación tedes unha serie de consellos para poñer en práctica no espazo do comedor e ser máis conscientes das actitudes dende unha perspectiva ambiental.

3.7.1 PRODUTOS E RESIDUOS

- A. No caso dos centros educativos que posúan cociña propia, a planificación dos menús e o número de pratos a servir é un aspecto básico para evitar o desperdicio alimentario. Mercar produtos locais e de tempada axudará a mellorar o medio ambiente e a economía local. Por iso, sempre que sexa posible, deben priorizarse os produtos de agricultura ecolóxica e o comercio xusto. Ademais, evítanse os produtos con envases unitarios e se escollerán outros a granel ou en recipientes e envases de gran formato.
- B. Isto tamén aplica ao resto de produtos e non só aos alimentos, e tratarase de evitar mercar materiais dun só uso, priorizando a compra de produtos reutilizables como vaixela, louza, panos de tela, entre outros.
- C. Cara ao almacenamento de produtos de alimentación optar por fiambreiras ou pratos para conservar os produtos sen botar man de filme transparente ou papel de aluminio.

3.72 USO DA AUGA

Na cociña e no comedor utilizamos a auga para labores de limpeza e preparación dos alimentos. Propoñemos algunhas medidas que poden axudar a reducir o consumo de auga e a súa carga contaminante.

- A. Manter as billas pechadas cando non se esté a utilizar a auga.
- B. Cando sexa posible, empregar a auga sobrante das comidas para regar a horta, os xardíns, as zonas verdes ou as plantas da escola ou para labores de limpeza.
- C. No consumo de auga para beber, recoméndase empregar auga da billa e xerras. Se a auga non tivera bo sabor, pódese usar un filtro na mesma billa para non ter que mercar auga embotellada que xera toneladas de residuos de plástico.
- D. Non botar aceites polo sumidorio, débense reciclar por separado.

3.73 CONSUMO ENERXÉTICO

Nas cociñas e comedores o maior consumo de enerxía atópanse nas neveiras ou cámaras frigoríficas, os fornos e as cociñas. Algunhas recomendacións que podeades ter en conta son:

- A. Abrir as cámaras frigoríficas soamente o tempo necesario; ao saír o frío estamos desaproveitando a enerxía. É aconsellable axustar os termóstatos para non enfriar de máis e non gardar alimentos aínda quentes.
- B. No uso do lavalouzas, usar programas de lavado ecolóxico ou en frío.
- C. Se a cociña ten fiestra, intentade empregar luz natural e non deixar as luces acendidas cando a cociña queda valeira.

3.7.4 XESTIÓN DE RESIDUOS

No espazo do comedor pódense atopar moitos tipos de residuos. É importante que teñamos en conta a súa tipoloxía para xestionalos adecuadamente.

A. Na seguinte táboa atópanse os residuos perigosos máis cotiás nos comedores e cociñas das escolas que deberán levarse ao punto limpo:

OS RESIDUOS PERIGOSOS QUE PODEMOS ATOPAR NA COCIÑA E COMEDOR

- A. Produtos de limpeza da cociña caducados ou en desuso
- B. Tubos fluorescentes e bombillas de baixo consumo por cambio ou desgaste
- C. Pilas e acumuladores
- D. Equipos eléctricos ou electrónicos como electrodomésticos que xa non se usan por cambio, renovación ou fin da súa vida útil
- F. Envases con restos de substancias perigosas coma os produtos de limpeza



- B. En canto aos residuos non perigosos, é moi importante que a xestión sexa adecuada e non se mesturen envases con restos de comida.
- C. Procurarase sempre ter instalados na cociña e no comedor os contedores apropiados para separar papel/cartón, envases, vidro, restos orgánicos e aceites vexetais.
- D. Se é posible, é interesante instalar un composteiro na zona exterior no que desfacerse dos restos de comida procedentes da preparación de froitas, verduras e hortalizas. Hai que botar só restos crus para evitar mal cheiro pola fermentación de alimentos xa cociñados.

3.8 EVENTOS ESPECIAIS

Ao longo do curso escolar é habitual que se desenvolvan determinados eventos como festivais de nadal, exhibicións das actividades extraescolares e pequenos eventos como celebracións de aniversarios. Por iso, imos ver unha serie de boas prácticas ambientais que se poden poñer en práctica neste tipo de eventos.

3.8.1 PRODUTOS

- A. No caso de alimentos , mercaremos produtos locais e de tempada, bos para o medio ambiente e a economía local.
- B. No caso da decoración empregaremos materiais reciclados ou reutilizaremos materiais doutras actividades para mercar e tirar o mínimo posible.
- C. Reduciremos a compra de produtos como manteis, vaixela, louza, entre outros se podemos facer uso do material que xa exista no colexio.

3.8.2 PAPEL E CARTÓN

- A. Substituír as comunicacións tradicionais en papel para a difusión do evento polo correo electrónico, aplicacións de mensaxería instantánea, páxina web do centro, etc.
- B. Aproveitar a cartelería duns eventos para outros ou entre anos consecutivos se adoitamos repetilos: festival de fin de curso, etc.

3.8.3 CONSUMO ENERXÉTICO

- A. Conectar os equipos de proxección ou de música no momento no que se vaian usar. Unha vez que saibamos que todo funciona correctamente, non deixalos acendidos durante horas ata o momento do evento se non é necesario.
- B. Utilizar a calefacción só cando sexa necesario. Tende en conta que se o evento é nun espazo pechado e agardamos moita afluencia de persoas, de seguido subirá a temperatura ambiente.

3.8.4 XESTIÓN DE RESIDUOS

É frecuente a xeración de residuos na celebración de eventos en maior cantidade ou que pola algarabía de persoas exista certo descontrol no correcto depósito dos mesmos.

- A. Así, aconsellamos ter previsión sobre o tipo de residuos que imos xerar e colocar os contedores específicos necesarios para separalos axeitadamente.
- B. O Comando Verde pode axudar a que as boas prácticas non se esquezan nestes eventos especiais nos que os nenos e nenas poden estar máis revoltosos do normal.

3.9 INSTALACIÓNS DO CENTRO

Aquí presentamos unha serie de recomendacións para a mellora en materia ambiental das instalacións. Poden ser tidas en conta sobre todo no caso de facer obras de mellora importantes que impliquen cambio de mobiliario, de instalacións, de aparatos, etc¹.

3.9.1 AUGA E ENERXÍA

- A. Billas con tecnoloxía de aforro como aireadores ou billas con temporizador e Inodoros con dobre pulsador ou con pulsador de parada a vontade da descarga.
- B. Rego por goteo se hai zona de xardín ou horta que precise ser regada.
- C. Recolección de augas pluviais que poden ser usadas para tarefas de limpeza exterior ou para o rego dos xardíns.
- D. Protectores e burletes nas portas e fiestras por onde escapa a calor e o frío.
- E. Automatismos para mellorar a eficiencia en iluminación: temporizadores e detectores de presenza sobre todo en pasillos e aseos.
- F. Aparatos eléctricos e electrónicos tipo “A” e lámpadas de baixo consumo.
- G. No caso de realizar obras no edificio, é importante a mellora do illamento, xa que inflúe directamente no confort térmico e no uso da calefacción.
- H. Respecto ás caldeiras, pódese considerar unha caldeira de biomasa con emisión cero de gases de efecto invernadoiro e considerar a posibilidade de instalar enerxías renovables como placas termosolares.

¹ No caso de que se busquen medidas específicas para reducir a pegada de carbono da instalación, recomendamos que se consulten as guías de eficiencia enerxética para edificios.

4

MATERIAL DE CONSULTA PARA ESCOLAS VERDES



RESIDUOS

Ecoacero

Asociación para a reciclaxe de Produtos de Aluminio: www.ecoacero.es

Arpal

Asociación española sen ánimo de lucro que asegura ós seus asociados a máxima eficacia na promoción dos produtos de aluminio a través da súa reciclaxe: www.aluminio.org

Sogama

A empresa pública Sociedade Galega do Medio Ambiente foi creada no ano 1992 e adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio. Concíbese, por tanto, como un instrumento operativo ao servizo da política ambiental de Galicia e ao servizo do Goberno da Xunta en xeral: www.sogama.gal/gl

Ecoembes

Organización medioambiental sen ánimo de lucro que promove a sustentabilidade e o coidado do medio ambiente a través da reciclaxe dos produtos envasados domésticos que consumimos: www.ecoembes.es

Fundación Economía Circular

Fundación privada, de ámbito ibérico e proxección supranacional, formada por un patronato composto por antigos altos cargos de administracións autonómicas cun equilibrio territorial e político. Traballa en tarefas relacionadas coa economía circular, a sustentabilidade, o uso dos recursos e o medio ambiente: www.economiacircular.org

Ecovidrio

Entidade sen ánimo de lucro encargada de xestionar a reciclaxe de todos os residuos de envases de vidro en España. www.ecovidrio.es

Sirga

Portal web no que cidadáns, empresas e administracións poden acceder á información relacionada coa xestión de residuos en Galicia: www.sirga.xunta.gal

Plan Estatal Marco de Xestión de Residuos (PEMAR) 2016-2022

www.mapama.gob.es/es/calidad-y-evaluacion-ambiental/planes-y-estrategias/planes-y-programas.aspx

Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2021

http://sirga.xunta.gal/c/document_library/get_file?folderId=190428&name=DLFE-16056.pdf

ENERXÍA

Cener

O Centro Nacional de Enerxías Renovables (CENER) desenvolve investigación aplicada en enerxías renovables e presta soporte tecnolóxico a empresas e institucións enerxéticas en seis áreas: eólica, solar térmica e solar fotovoltaica, biomasa, eficiencia e xeración enerxética en edificios e urbanismo, e integración na rede da enerxía: www.cener.com

Inega

Os obxectivos básicos da axencia Instituto Enerxético de Galicia son o fomento, impulso e realización de iniciativas e programas de actuación para a investigación, o estudo e apoio das actuacións de coñecemento, desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías enerxéticas, incluídas as renovables, a mellora do aforro e a eficiencia enerxética, o fomento do uso racional da enerxía e, en xeneral, a óptima xestión dos recursos enerxéticos nos distintos sectores económicos de Galicia, así como a participación na xestión e prestación, si fora o caso, de servicios noutros campos sinérxicos ao enerxético, de acordo coas directrices do Goberno no ámbito das súas competencias: www.inega.gal/

MEDIO AMBIENTE

Axencia Europea do Medio Ambiente

Axencia da Unión Europea, cuxa tarefa é proporcionar información sólida e independente sobre o medio ambiente. O seu obxectivo é apoiar o desenvolvemento sostible axudando a lograr unha mellora significativa e mensurable no contorno europeo, a través da subministración dunha información oportuna, orientada, relevante e fiable aos axentes de formulación de políticas e ao público: www.eea.europa.eu/

Comisión Europea

No seu sitio web poderemos atopar información básica sobre o que a Unión Europea está a facer para protexer o seu ambiente: aire, auga, natureza, biodiversidade, etc. Por exemplo, información da etiqueta ecolóxica: ECOLABEL. www.ec.europa.eu/environment/ecolabel

Ministerio de Transición Ecolóxica e Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación:

Son os departamentos competentes no ámbito da Administración Xeral do Estado para a proposta e execución da política do Goberno en materia de loita contra o cambio climático, protección do patrimonio natural, da biodiversidade e do mar, auga, desenvolvemento rural, recursos agrícolas, gandeiros e pesqueiros e Industria agroalimentaria: www.mapama.gob.es

OUTRAS LECTURAS DE INTERESE

Nuevas propuestas para la acción. (15-24 novembre 2000). UNESCO (2001), Encuentro Internacional de expertos en Educación Ambiental. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Medio Ambiente.

Álvarez, P. &. (2009). Una propuesta educativa para la sostenibilidad. En R. G. Vega, Sostenibilidad, valores y cultura ambiental(págs. 87-104). Madrid: Pirámide.

Assadourian, E. & Prugh, T. (s.f.). La situación del mundo 2013: ¿es aún posible lograr la sostenibilidad? Informe anual del Worldwatch Institute sobre la sostenibilidad. Barcelona: Icaria.

D. Tilbury e D. Wortman. (2004). IUCN Commission on Education and Communication. En Engaging People in Sustainability. Gland.

Franquesa, T. (2006). El valor de la sostenibilidad. En VVAA, La sostenibilidad, un compromiso de la escuela (págs. 13-20). Barcelona: Graó.

Gifford, C. (2012). Desarrollo sostenible.Madrid: Morata.

HART, R. A. (2001). La participación de los niños en el desarrollo sostenible. Barcelona: P.A.U. Education.

Jorba, J. & Casellas, E. (Eds.). (1997). La regulación y la autorregulación de los aprendizajes. Madrid: Síntesis.

López, C. (2009). Hacemos del reciclaje un hábito más. Revista Digital Transversalidad Educativa. Descargado de <http://goo.gl/3HoXJ4>., 26, 67-76.

Mogensen, F. M. (2009). Educación para el desarrollo sostenible. Tendencias, divergencias y criterios de calidad.Barcelona: Graó.

Precioso, J. &. (2010). Reciclaxe. Caderno de actividades. Vigo: Nova Galicia Edicións.

Sterling, S. (1999). Issues within and beyond Environmental Education. European Conference on Environmental Education and Training, (págs. EC, DG XXI). Bruxelles.

Unidas, O. d. (1987). Informe Brundtland. Obtenido de <https://goo.gl/4z3CA9>.



SÍGUENOS EN:
[@GALICIASOSTIBLE](#)

